FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO
E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE

TECNI SYSTEM BROKER
CORREDURIA DE SEGUROS, S.L.

AIG

DEPORTE GALEGO
galicia
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Comunicado nº 068/18
**24 de maio de 2018**

- **CUMPRIMENTO DA LEI ORGÁNICA DE PROTECCIÓN DE DATOS: FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO:**

Con efecto dende o 25 de maio de 2018, para a solicitude de calquera tipo de licencia, solicitude de certificado de I.T.V., ou calquera trámite federativo, terase que adxuntalo presente documento debidamente cuberto e asinado así como a fotocopia do D.N.I., pasaporte, ou carnet de conducir con asinamento.

Nota: Teñen que ser orixianis os asinamentos non valendo correos electrónicos ou fotocopias.

*Pincha enriba do documento para baixar o formulario:*

Imprimir formulario

**EN CUMPRIMIENTO DA LEI ORGÁNICA DE PROTECCIÓN DE DATOS: FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**

**Consentimento expreso para o tratamento de datos de carácter persoal**

**Nome:**

**Apelidos:**

**D.N.I.:**

(*) En nome e representación de (menor e/ou incapacitado): ______________________________

(*) se fose o caso.

**Nova política de Protección de Datos da FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO, con efectos dende o 25 de maio de 2018.**

O 25 de maio de 2018 a nosa normativa de protección de datos persoais cambiará e nacen novos dereitos e obrigas, é polo que entre outros recabamos o consentimento expreso dos nosos ASOCIADOS e/ou COLABORADORES e en cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e comunicamoslle que os datos que vostede nos facilite quedarán incorporados e serán tratados nos **Ficheiros de Xestión de Federados**, titularidade da **FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**(en adiante Responsable de Tratamento) co fin de poder prestarlle os **servicios por vostedes solicitados e a xestión que elo conleve**, así como poder mantelo informado sobre cuestións relativas a probas, eventos deportivos, regulación, normativa e disciplina deportiva, servicios federativos, seguridade deportiva, participación nos órganos federativos, publicidade deportiva, asistencia médica durante a práctica deportiva, así como a xestión da propia prestación dos servicios que esta entidade presta os seus asociados e/ou federados.

Mediante a sinatura do presente documento vostede, da o seu **consentimento expreso** para que esta entidade, poda utilizar o seus datos con esta finalidades: trámite de licencia, participación en probas, competicións, xestión de seguros, inscrición, materia electoral, publicación de resultados deportivos, fines estadísticos, fines publicitarios do automobilismo, fines disciplinario deportivos, asistencia médica, etc., comprometéndose este Responsable do Tratamento a tratar de forma confidencial os datos de carácter persoal facilitados por vostede e a non comunicar ou ceder ditos datos ou información a terceiros sen competencia en materias tales, pero vostede da o seu **consentimento expreso** para cesións derivadas da propia xestión do Responsable de Ficheiro e por tanto acepta e di estar dacordo con estas cesións previstas: as COMPAÑÍAS ASEGURADORAS, MUTUAS DE ACCIDENTES, SERVICIOS MÉDICOS, REAL FEDERACION ESPAÑOLA DE AUTOMOVILISMO, SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE, ENTIDADES DEPORTIVAS E/OU ESCUDERÍAS, OFICIAIS, FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO, MINISTERIO DO INTERIOR, DEPUTACIÓNS E ORGANISMOS PÚBLICOS, ASESORES FISCAIS, TRIBUTARIOS E ECONÓMICOS, ASESORES XURÍDICOS , dos trámites de solicitude de licencia, así como da o seu **consentimento expreso de ceder os dereitos de imaxe, publicacións, fotografías, reportaxes de premios, etc, ao propio Responsable de Ficheiro, para o que vostede di estar dacordo e asina o presente documento**, , o Responsable de Ficheiro comprometese a adoptar as medidas de seguridade que establece a normativa vixente sobre protección de datos (LOPD) (RGPD), e informa ademais que os datos serán conservados mentres se manteña a relación precontractual o contractual con vostede e unha vez que éstas deixen de existir procederase ao bloqueo e/ou cancelación. Con posterioridade os seus datos permanecerán bloqueados por un prazo máximo de 5 anos únicamente para aqueles casos en que nos obrigue a normativa vixente, superado dito prazo o Responsable de Tratamento procederá a súa cancelación.